

# Internacional

## Inaugúrase o observatorio de raios cósmicos máis grande do mundo, situado en Malargüe, na provincia arxentina de Mendoza



O pasado mes de novembro, a conselleira de Educación e Ordenación Universitaria, Laura Sánchez Piñón, viaxou a Arxentina como representante da participación española no proxecto internacional Pierre Auger, no que traballan 450 científicos de máis de 100 institucións pertencentes a 17 países. Nesta iniciativa Galicia ten unha sobranceira presenza a través do grupo de Astrofísica de Partículas da Universidade de Santiago de Compostela (USC), liderado por Enrique Zas. Os asistentes ao acto, entre os que se atopaba o Premio Nobel de Física, James W. Cronin, coinciden en que se trata da concreción dun soño científico, froito da colaboración internacional.

Neste acto inaugural estiveron presentes todos os países que participan no proxecto: Alemaña, Arxentina, Australia, Bolivia, Brasil, Eslovenia, España, Estados Unidos, Francia, Holanda, Italia, México, Polonia, Portugal, Reino Unido, República Checa e Vietnam. A representación científica española íntegra 27 investigadores, dos que 12 pertencen ao Sistema Universitario de Galicia (SUG), en concreto ao Instituto Galego de Física de Altas Enerxías da Universidade de Santiago de Compostela.

España comezou a súa cooperación no ano 2002 coa proposta do grupo de investigadores de Astrofísica de Partículas da USC, dirixido por Enrique Zas, que en colaboración co premio Nobel de Física, James Cronin, da Universidade de Chicago, demostrou en 1996 que estudando os chuvascos que incidían con moita inclinación, se poden detectar neutrinos de altas enerxías, un dos retos pendentes no eido da Astrofísica de Partículas. Os neutrinos son partículas elementais moi difíciles de detectar, xa que son capaces de atravesar a Terra sen interaccionar.

Precisamente, a primeira análise de chuvascos inclinados foi abordada polo grupo da USC en 1999 (ano no que se puxo a primeira pedra do observatorio) nun traballo conxunto con Alan Watson, actual voceiro do proxecto. Na actualidade Enrique Zas dirixe o estudo dos eventos inclinados, unha tarefa que permite examinar a natureza dos raios cósmicos, aumentar o poder estatístico do observatorio e facilitar a observación dunha parte do firmamento, inaccesible coa análise convencional de chuvascos. O grupo de Astrofísica de Partículas da USC lidera a participación española e guía 3 dos 21 equipos de análise.

As institucións españolas que participan no observatorio son o Instituto de Física Corpuscular da Universidade de Valencia, a Universidade Complutense de Madrid, a Universidade de Alcalá de Henares, a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade de Granada; e as axencias españolas de financiamento son a Comunidade de Madrid, a Consellería de Educación da Comunidade de Castela A Mancha, fondos FEDER, o Ministerio de Ciencia e Innovación e a Xunta de Galicia.

## A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria asina varios convenios de colaboración con Arxentina



Na súa viaxe á Arxentina, a conselleira de Educación e Ordenación Universitaria, Laura Sánchez Piñón, asinou un convenio de colaboración co ministro de Educación do Goberno de Bos Aires, Mariano Narodowski. O devandito convenio céntrase nos seguintes ámbitos: o desenvolvemento de actividades e encontros de carácter educativo, cultural e social, co obxectivo de estreitar lazos entre os habitantes da cidade autónoma e a Comunidade galega; o intercambio de información e experiencias en materia de calidade do sistema educativo; a realización de investigacións científicas, técnicas e culturais, e a vinculación con centros de estudo e investigación de ambas as comunidades; e a realización de intercambios de formación e asistencia técnica de persoal docente, non docente, investigadores, estudantes, e profesionais do goberno de Bos Aires e de Galicia.

Por outra banda, a máxima responsable da Administración educativa galega e o director executivo do Programa Promoción da Universidade Arxentina da Secretaría de Políticas Universitarias do Ministerio de Educación da Nación, Jorge Bragulat, mantiveron unha xuntanza para avanzar no eido da internacionalización da educación superior e a cooperación universitaria.

No marco desta viaxe institucional, a conselleira tamén se reuniu co ministro de Educación de Arxentina, Juan Carlos Tedesco. Os dous mandatarios salientaron a necesidade de reforzar a formación do profesorado na universidade, especialmente na área de ciencias. O traballo levarase a cabo a partir dun protocolo de colaboración que contribuirá a consolidar vínculos técnicos, educativos e afectivos que unen Galicia a Arxentina e a afrontar obxectivos comúns, como acadar a máxima equidade do sistema educativo, aspecto no que Galicia logrou resultados moi satisfactorios no informe internacional PISA 2006, ao ocupar o segundo posto en canto á variación nos resultados en ciencias, e ser superada unicamente por Finlandia.

## Incremento da sensibilidade social na realidade educativa arxentina

Durante a súa visita á oficina rexional da Organización de Estados Iberoamericanos (OEI) en Bos Aires, a conselleira de Educación tivo ocasión de comprobar a marcha do convenio de colaboración asinado en xullo de 2007 entre a Xunta de Galicia (por medio da Secretaría Xeral de Relacións Exteriores e a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria) e a OEI para a creación e posta en funcionamento do Instituto para o Desenvolvemento e a Innovación Educativa en Arxentina (proxecto IDIE-OEI). Neste sentido, en abril de 2008 comezou a súa andaina este proxecto concibido como órgano consultivo e de xestión nas áreas de formación docente, educación en valores e para a cidadanía, apoio á educación infantil e aos dereitos da infancia, e alfabetización básica de alumnos.

Os seus obxectivos son incrementar a sensibilización social, política e técnica da realidade educativa arxentina; fortalecer a capacidade de xestión de entidades públicas, actores da sociedade civil e responsables directivos e académicos do sistema educativo arxentino, e mellorar as competencias dos responsables políticos, sociais e técnicos.

No acordo asinado en xullo de 2007 recóllese que a Xunta de Galicia, a través da Administración educativa galega, pon a disposición da OEI persoal especialista, con experiencia en proxectos similares ao desenvolvido por este convenio, para a revisión do modelo de diagnóstico e dos materiais responsables da valoración do mesmo. O importe total deste proxecto ascende a 260.000 euros, dos que a Xunta de Galicia, a través da Dirección Xeral de Cooperación Exterior, achega unha contía de 200.000 euros.

## O proxecto de cooperación internacional liderado polo IES Carlos Casares de Viana do Bolo comeza a dar os primeiros froitos



Ás 8 da mañá do 21 de agosto de 2008, alumnado, familias e representantes do IES Carlos Casares de Viana do Bolo (Ourense) traballaban arreo na demolición dun vello edificio onde, na actualidade, se ergue a nova estrutura que se inaugurará, previsiblemente, en febreiro do ano 2010. Trátase dunha escola de educación secundaria que ofrecerá un proxecto educativo baseado na educación por competencias e en valores. Tentará facilitar, así mesmo, a inserción laboral dos estudantes, para o que se prevé poñer en marcha un ciclo de formación profesional sobre cultura e turismo sostible.

Nesas mesmas datas comezaban os cursos de formación do profesorado, que impartían os voluntarios Judith González e Luis Fernández, director do IES vianés; ao tempo que se deseñaban as liñas de innovación, coordinadas pola Dirección Distrital de Educación de Samaipata e o IES Carlos Casares de Viana do Bolo.

O proxecto contou dende o primeiro momento co apoio da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. A propia conselleira, Laura Sánchez Piñón, recibía en San Caetano, o 19 de novembro de 2007, o alumno da Unidade Educativa Timoteo Rondales, Fernando Medina; o mestre, Arcil Arroyo e a arquitecta, Katy Rojas. Nese encontro, a máxima responsable da Administración educativa galega puido coñecer o que Bermejo precisaba para o seu desenvolvemento e, a partir de aí, converteuse na súa impulsora máis firme. Na entrevista estaba presente unha comitiva formada por representantes do profesorado, do alumnado e das familias do IES Carlos Casares. Pola súa parte, a conselleira estivo acompañada pola Directora Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, María José Pérez Mariño e a Directora Xeral de Cooperación Exterior, Fabiola Sotelo.

Naquel momento a comisión boliviana non puido disimular o seu nerviosismo e enchéronselles os ollos de bágoas cando a representante de Cooperación galega dixo que o soño que traían dende América era de interese para a Xunta de Galicia. Desta maneira, no mes de xuño de 2008, aprobábase o proxecto de cooperación, despois de varios meses de redacción do texto por parte da Dirección Distrital de Educación de Samaipata, da ONG Escuelas de la Tierra e do IES Carlos Casares.

O 25 de xullo de 2008, e coincidindo co Día de Galicia, asinábase o convenio de cooperación entre a Dirección Xeral de Cooperación Exterior da Xunta de Galicia e a Honorable Alcaldía Municipal de Samaipata. O alcalde, Frank Herrera Bassta, agradecía ao pobo galego o xesto solidario e desinteresado. Pola súa parte, o director do IES Carlos Casares tiña palabras de gratitude para a comunidade de Bermejo e para o alumnado da Unidade Educativa Timoteo Rondales por posibilitar que a comunidade educativa vianesa vivise un dos momentos máis emotivos e intensos da súa historia, con motivo da visita de Fernando Medina, Arcil Arroyo e Katy Rojas. A experiencia plasmouse nunha reportaxe publicada por *Cuadernos de Pedagogía*, no seu número 378, correspondente ao mes de abril de 2008, baixo o título "Galicia y Bolivia. Una ola solidaria llena de afectos y saberes".

Todo comezaba hai catro anos, cando un grupo de mestres, co director Osvaldo Urrello á fronte, buscaban alumnos que rematasen o ensino primario e comezasen a traballar no chaco (o campo) por non poder continuar os estudos. A chamada pretendía animalos a volver ás improvisadas aulas, atendidas por mestres que traballarían de balde. Foron catro anos de duro traballo que vería a súa recompensa o 6 de decembro de 2008 á noitiña, nun



acto académico histórico no que celebraban as primeiras graduacións. Todo tiña lugar na cancha da escola de primaria de Bermejo, na que tres rapaces e cinco rapazas recibían a graduación oficial por parte do Director Distrital de Educación, Lorgio Camacho.

Viana do Bolo vivía esa festa con eles. O director do centro, Luis Fernández e o profesor de Debuxo, José Pedro Fouz, representaban a comunidade educativa vianesa esa noite da primavera austral. Agora o futuro pasa polas bolsas de continuación de estudos que lles ofrece a ONG Escuelas de la Tierra. Dúas das graduadas, Blanca e Francis, van iniciar estudos universitarios de enfermería, Castito decidiuse por estudos profesionais de automoción, mentres que Fernando, Velsa, Changaray, Esther e Rosmeri queren ser mestras e mestres. Estes últimos viviron xa o proxecto de renovación, cren nel e queren ser os principais impulsores na súa escola como docentes. Fernando Medina é un deles. En Radio Santa Cruz declaraba á xornalista Mercedes Fernández: “Mi viaje a España ha cambiado mi mentalidad en relación a la solidaridad y a la cooperación con los más necesitados. Tengo ganas de poner en práctica todo lo que he vivido y sentido, y quiero hacerlo como maestro”.

Para seguir a marcha deste proxecto, pódese consultar o blog: [www.proyectobermejoviana.spaces.live.com](http://www.proyectobermejoviana.spaces.live.com)

## Os ministros presentes na Conferencia Internacional de Educación da UNESCO rexeitan os recortes orzamentarios en materia educativa

A crise financeira mundial non debe ser motivo para reducir o orzamento de Educación. Esta é a conclusión á que chegaron os ministros e representantes de 153 países presentes en Xenebra na 48.<sup>a</sup> Reunión da Conferencia Internacional de Educación da UNESCO, clausurada o pasado 28 de novembro.

A conferencia durou unha semana e tiña como lema “Educación inclusiva: el camino hacia el futuro”. Nela debatéronse os modos de dotar de educación aos centos de millóns de persoas que se ven privadas deste dereito. Entre os excluídos figuran 75 millóns de nenos sen acceso á escola. Máis da metade son nenas e un terzo teñen algún tipo de minusvalía. A maioría viven en comunidades pobres e illadas ou en barrios marxinais. Moitos son rapaces que traballan ou que pertencen a grupos indíxenas, que falan linguas minoritarias ou que viven en situacións de conflito ou de posconflito.

Nas conclusións e recomendacións da 48.<sup>a</sup> Reunión da Conferencia Internacional de Educación sinalan que a crise financeira mundial terá repercusións desproporcionadas para os pobres, polo que fan un chamamento para que a educación sexa “unha das principais prioridades” e para que a crise non se use “como escusa para reducir os recursos destinados ao ensino, tanto na esfera nacional como internacional”.

Así pois, as súas recomendacións van orientadas cara ao recoñecemento dunha educación inclusiva, de calidade, que loite contra a desigualdade social e os niveis de pobreza, ofrezca vínculos entre as escolas e a sociedade, impulse o uso das TIC e reduza o analfabetismo.